


## A XUNTA DECIDE EN DODRO OU BRAÑAS OU FORMIGÓN

Por CARME VIDAL



Galiza intercomunicada comeza a ser un pesadelo. As autovías convértense a cada paso nun novo rompecabezas e saltan a titulares polas máis estranas razóns. Ou ben non se dan construído ou cando se comezan a proxectar meten o medo no corpo aos veciños que ven como o trazado da nova vía de comunicación pode estragar a paisaxe do seu pobo convertindo en formigón a riqueza ecolóxica da zona. Non ben curados de todo o que aconteceu no Val de Neira -coa oposición frontal dos veciños- é agora o concello de Dodro o que está a sufrir a ameaza e a incertidume dun proxecto de infraestruturas que a Xunta non da definido, mostrando pola contra un abano de posibilidades que só fixo até agora enfrontar intereses e deixar á marxe a valoración dos bens comúns que están en xogo na construción do que se debía entender como servizo público.

Tres son os proxectos cos que traballa a Consellería de Política Territorial para o último tramo da vía rápida do Barbanza e que foron presentados aos veciños de Dodro. A partir de aí xurdiu a polémica que enfronta aos habitantes da zona e definiu dous criterios á hora de defender unha ou

outra alternativa. Por unha banda a asociación de veciños de San Xoán de Laiño optou por se aliar co trazado deseñado a través do monte co fin de protexer as brañas do río Ulla, zona de grande riqueza ecolóxica que a Xunta pon en perigo nunha das súas propostas. Pola outra, os da asociación do Baixo Ulla prefiren que a autovía pase polas marismas e, na súa defensa rexeitan falar de atentado ecolóxico. Para impedir o impacto ambiental opinan que abundan uns piares polos que transcorrería a vía rápida respectando así a zona protexida; proposta por outra banda que o proxecto contempla en forma de terraplén. Como solución, elevar a autovía en nada remediaría o desastre que pode supor a a construción sobre as marismas de Dodro, humedais de grande produtividade biolóxica e importante reserva de especies vexetais e animais cunha paisaxe diferenciada. No fondo latexa tamén a sospeita sobre os intereses dunha mancha de persoas que ven na autovía a posibilidade de valorar economicamente as terras dunha zona de servidume decretada por Costas. O paradoxo está tamén aí, decrétese a prohibición de edificar pola riqueza paisaxística das brañas mentras a propia administración chega mesmo a tomar en consideración a posibilidade de atravesar a zona cunha obra pública. As expropiacións serían así máis ventaxosas para os propietarios dunhas terras só rendíbeis para o cultivo. Mesmo así, recolléronse máis de cincocentas sinaturas contra a alternativa de as brañas coas que, ademais de presentar argumentos ecolóxicos e estéticos, os veciños protestaban porque este trazado tamén afecta a máis casas e fincas que o proxectado a través do monte.

E así as cousas Política Territorial segue sen se definir e decantar por un ou outro proxecto, deixando ao aveiro dos veciños unha decisión que máis que intereses particulares tería que por riba da mesa a defensa do ben común. Sinrazón



### PAPELÁRIA

Apartado 6138 - 36200 Vigo - Galiza  
Telf. - Fax: (986) 46 07 63

Deseño e Impresión de Revistas, Folletos, Trípticos, e Carteis.  
Distribución de papel reciclado a Asociacións, Entidades, Escolas...  
e ademais...

AXENDA ALTERNATIVA GALEGA 97 !!

semella tamén que despois de ter sido recoñecido pola Xunta o dano que se produciría no ecosistema mediante un estudo de impacto medioambiental incluído no propio anteproxecto, se continue a manter vivo o trazado das brañas. Se para algo servise o dictame dos técnicos escollidos pola propia administración, a alternativa das Brañas tería que ser desbotada de inmediato.

## ATENTADO ECONÓMICO E ECOLÓXICO

A importancia da solución que se dirime en Dodro fixo que, entre outros, Adegas presentara unha alegación de carácter medioambiental deixando clara a súa oposición á destrución das marismas polo seu significado económico e ecolóxico. Alén de recoñecer o importantísimo valor medioambiental dos humedais que a Xunta parece ignorar, escasas zonas de inmensa riqueza que están a propiciar iniciativas para a súa protección en todo o mundo.

Chamaron tamén poderosamente a atención de Adegas a desatención do estudo de impacto que rexeita a alternativa das brañas e o feito de que as marismas de Dodro estén incluídas nas normas de protección de espazos naturais da Xunta reclamando a defensa da zona diante do que sería un novo atentado ecolóxico propiciado pola propia administración pública. No entanto, Adegas aproveitou máis unha vez na súa alegación para denunciar a resistencia da Xunta a declarar espazos protexidos na Galiza -somos o segundos na cola do Estado Español en canto a superficie protexida- mesmo habendo numerosos hábitats recoñecidos internacionalmente.

As cartas están botadas para o último tramo da vía rápida do Barbanza. A favor xogan os criterios ecolóxicos da defensa da zona. En contra o mesmo trazado que pon en cuestión a supervivencia das brañas do Ulla e salfire a propia actuación da Administración que dunha forma ou outra recoñeceu a importancia do que se está a xogar en Dodro. A Xunta terá que buscar unha imposible explicación se a balanza tira á fin, outravolta, pola destrución medioambiental de Galiza. ■



## Casa Pousadoira

Turismo Rural e Agricultura Ecolóxica

Lugar de Pousadoira, 4 • Callobre •  
Tfno./Fax: (981) 195118  
15685 Miño • A Coruña •

## O río LAGARES ENTRE A VIDA E A MORTE

Por MIGUEL MARVOA E OSCAR SOUTO

A finais de agosto do ano 1994 e por mor do cinto de circunvalación de Vigo que pasa pola beira do Lagares, iníciáronse as obras de canalización deste río. O fim perseguido era o de evitar os problemas derivados das flutuacións do seu caudal que podían provocar alagamentos da estrada. Por iso os enxeñeiros encargados da planificación da obra (dependentes do antigo MOPTMA) optaron, sem máis, pola solución singela da pura e dura canalización. Deste xeito colocáronse, na altura da parroquia de Freixeiro, placas de formigón nas margens do leito fluvial coa intención de imitar a canalización do Louro, ao seu paso por Porrinho, convertido hoxe num río exento de vida.

Por outro lado, estas actuacións están estragando o Plano de Regeneración do Lagares que prevé a súa recuperación a través da eliminación das lixeiras incontroladas existentes nas orellas e a construción dum paseo lineal com árbores para o lazer público.

A raíz das numerosas protestas vizinhais e dos grupos ecologistas paralisáronse as obras até hoxe, ficando o río num estado lamentábel e caótico. Aliás dos danos causados temos que considerar que o proxecto carecía do máis elemental estudo de impacto ambiental.

O criterio seguido neste intento de canalizar o río é tam obsoleto que um representante dos vizinhos da zona tildou de ignorantes os enxeñeiros do MOPTMA, asseverando que nom estaban enteirados de que na actualidade tanto en Norteamérica como na Alemaña empregáronse umha chea de cartos em desfazer as cales de cemento que destruíron importantes ecossistemas naturais. Nestes países practícase umha política de "re-naturalización" das ribeiras e das zonas húmidas, restaurando os leitos de grava, consolidando as margens mediante a reflorestación com espécies ripícolas, recuperando os antigos meandros, etc.

Na actualidade o concello de Vigo volveu retomar o asunto e elaborou umha proposta que os nossos amigos de ERVA tiveron ocasom de estudar. Polo visto a idea do concello vai dirigida a deixar as placas de formigón e maquillar na medida do possível a súa fealdade por meio de "pedraplén" e plantacións nas massas cimentadas. Esta solución esteticista nada tem a ver coas experiencias europeas que para a problemática dos rebordamentos crean bandas de amortecimento que se alagam no inverno e secam no verao, formando zonas de espargimento muito interessantes. Desde o grupo Erva propom-se finalmente umha solución arbitrada por umha equipa de expertos em matéria fluvial que permita a justa recuperación dum río que sempre foi considerado como um sumidoiro. ■